

EXCURSIONISMO EN GALICIA

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Instituto Galego de Estatística (IGE)

Durante o ano 2018, e tendo en conta que cada excursión equivale a un excursionista ou o que é o mesmo, a unha persoa, o número de excursionistas expresado en miles -persoas que viaxan a un lugar diferente ao da súa contorna habitual e non pasa a noite, cando o obxectivo principal da viaxe non é o exercicio dunha actividade remunerada dende o lugar visitado- procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 3.522,6, o que representa unha variación anual do -6,1 % respecto do ano 2017. Por outra banda, o número de excursións -expresadas en miles- realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma ascende a 17.290,3 cunha variación anual do -0,7 %. Tendo en conta o volume de excursións que se realizan á comunidade galega dende o resto de España e o estranxeiro co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España e ao estranxeiro, obtense o seguinte cadro:

	Resto de España	Estranxeiro	TOTAL
Entrantes	492,5	3.030,1	3.522,6
Saíntes	574,7	1.150,5	1.725,2
SALDO (Entrantes - Saíntes)	-82,2	1.879,6	1.797,4

Cadro 1: Excursionismo receptor e emisor comparado. Número de excursións en miles

Ao longo do ano 2018, o gasto total realizado polos excursionistas procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 192.062,2 miles de euros, que recolle unha variación anual do -18 % respecto do ano 2017. Comparando o volume de excursións que se realizan á comunidade galega procedentes do resto de España e do estranxeiro, co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España ou ao estranxeiro, obtemos o cadro seguinte:

	Resto de España	Estranxeiro	TOTAL
Entrantes	27.585,7	164.476,5	192.062,2
Saíntes	30.584,7	54.834,6	85.419,3
SALDO (Entrantes - Saíntes)	-2.999	109.641,9	106.642,9

Cadro 2: Gasto total do excursionismo receptor e emisor comparado. Gasto total en euros

Tendo en conta as excursións realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma, o volume do gasto total realizado polos excursionistas ascende a 578.959,4 miles de euros, cunha variación anual do -1,3 %.




Figura 1: Excursionistas con destino Galicia segundo orixe




Figura 2: Gasto total do excursionismo con destino Galicia segundo orixe




Figura 3: Evolución do número total de excursionistas en miles




Figura 4: Evolución do gasto total en miles de euros